



patrimonio e por evitar a masificación doutras alternativas. A asociación leva traballado moito polo Camiño de Inverno, como se plantexan a loita? Nós imos seguir aquí, pero creo que é o momento de que os conce-

### Deficiencias

Na ruta hai varios tramos que se anegan, pero son cousas que se solucionarían cuns pasos de madeira»

llos se impliquen e fagan presión. Para eles o percorrido é un recurso económico e deberían unirse e facer moita máis forza. As rutas que xa teñen a distinción do Xacobeo tamén tiveron que loitar tanto?

### De preto

«Aumentou a sensibilidade dos hostaleiros sobre o Camiño Sur»

**A asociación traballou todos estes anos na publicación de guías, adecuación de tramos, sinalización... Que plans teñen para o que resta de 2011?**

Unha das iniciativas é levar a cabo as tradicionais xornadas de setembro, que cada ano se adican a dous concellos específicos polos que discorre o Camiño Sur. Nesta edición terán especial protagonismo os de Pantón e Chantada.

**Tamén están a facer o Camiño Francés.**

Ese caso foi un pouco diferente. A primeiros da década dos oitenta oficializouse un conxunto de rutas importante, a maioría —por non dicir todas—, das que hoxe son rutas xacobeas. Nós non estivemos naquel paquete.

**Hai algunha ruta que agora estea pendente de recoñecemento coma o Camiño Sur?**

Sí, hai un camiño que vén de Portugal pola costa e que pasa por lugares como Tui ou Baiona que está na mesma situación ca nós. A diferenza que percibo eu é que alí hai a implicación e a unión de todas as administracións.

**Vostede é moi crítica coas administracións en canto á oficialización, pero non hai colaboración en ningún eido?**

O tema dos recoñecementos está completamente parado, fóra diso hai algún movemento puntual que invita á esperanza. Por exemplo, dende o Xacobeo preguntaron recentemente polo estado da ruta fisicamente, pola situación dos traxectos.

**Como é esa situación?**

É desigual. A ruta está aberta, pero hai problemas de anegamentos en puntos de Monforte, como

Efectivamente. Recorremos a ruta por tramos co reto de coñela, pero tamén coa idea de promocionar o Camiño de Inverno. Deixamos documentación sobre o Camiño Sur en albergues, bares e todo tipo de establecementos e informamos ós peregrinos que atopamos no traxecto desta alternativa.

**Creo que dende o colectivo de hostaleiros plantéxase a colaboración coa ruta.**

A nivel individual notamos que os hostaleiros son cada vez máis conscientes do que supón a ruta e hai máis sensibilidade. Agora estamos pendentes de reunirmos coa asociación que os agrupa e igual xorde algo interesante para traballar pola ruta e dar servizos ós peregrinos.

Reigada ou As Lagoas; en lugares de Pantón, como o Reguengo ou a subida de Virís; ou na Pobra do Brollon, cerca de Cereixa e xunto ao Saá. De todas formas, son problemas que se solucionarían con pasos de madeira, así de sinxelo.

**E como está de infraestruturas?**

Diso non hai nada, nin cantinas, nin albergues que dean un servizo. Nese eido as institucións son un referente, pero tamén é importante a iniciativa privada. Non podemos esperar a que a Xunta nos faga todos os albergues, os empresarios tamén teñen aí un mercado que explotar.

**Cal é o papel de Monforte?**

No Camiño Sur é como Sarria no Camiño Francés. Un punto de partida, un lugar de referencia para os peregrinos.

**Que hai de Diomondi?**

O palacio de Diomondi está no kilómetro 100 da ruta. Cando se derrubou propuxemos que se recuperase para albergue. O proxecto non é incompatible coa idea do bispado de crear un centro de interpretación do románico. Hai cabida para as dúas cousas, incluso para crear unha zona de acampada no propio contorno.